



## A ÁREA SANITARIA DE VIGO CENTRALIZA A ATENCIÓN A PACIENTES CON SOSPEITA DE CORONAVIRUS EN DETERMINADOS CENTROS DE SAÚDE

- ***Con esta medida pretendese ofertar unha atención máis eficaz e resolutive, usando os centros con estruturas máis axeitadas, e diminuír o número de profesionais expostos, que irán rotando na atención ao COVID-19, evitando que estean todos ao mesmo tempo***
- ***A partir de hoxe, os médicos dos centros de saúde e Puntos de Atención Continuada poderán solicitar directamente a petición das probas diagnósticas (PCR) naqueles casos que cumpran os criterios***
- ***Lémbrese aos usuarios a obriga de chamar por teléfono ao seu centro de saúde ou ao PAC antes de achegarse ao mesmo***
- ***A xerencia agradece a colaboración da cidadanía no cumprimento destas indicacións así como a implicación e compromiso dos profesionais coas novas medidas organizativas***

**Vigo, 23 de marzo do 2020.** A Área Sanitaria de Vigo ven de reorganizar a asistencia da atención primaria de xeito que a partir de hoxe, luns día 23, vaise centralizar en determinados centros de saúde a atención aos pacientes con sospeita de padecer infección respiratoria por Coronavirus.

Con esta medida trátase de ofertar unha atención máis eficaz e resolutive á cidadanía, usando os centros con características máis axeitadas (salas de maiores dimensións, posibilidade de diferenciar circuítos, salas de espera máis grandes, etcétera) ao tempo que se intenta protexer e preservar a saúde dos equipos de profesionais fronte ao coronavirus. Así, establécense quendas rotatorias entre médicos e enfermaría para incorporarse ao centro de referencia de atención ao COVID-19, minimizando o risco inherente a unha exposición continuada ante o virus de todos os sanitarios ao mesmo tempo.

Ademais, a partir de hoxe, os médicos de atención primaria encargados nos centros de saúde e Puntos de Atención Continuada (PAC) da atención a pacientes con sospeita de infección por coronavirus poderán solicitar directamente a proba diagnóstica PCR nos casos en que estea indicada.

### **Cambios organizativos**

Nesta fase de contención da epidemia, continuarase coa atención dos pacientes na modalidade de cita telefónica, e a asistencia urxente que se poida xerar nos centros de saúde e Puntos de Atención Continuada (PAC).

Ademais, a partir do día de hoxe, quedan establecidos nos centros de saúde catro equipos de traballo: Equipo Atención presencial á Urxencia ordinaria; Equipo Atención telefónica para información; Equipo Atención Telefónica para consultas; e un Equipo Atención domiciliaria.





Os centros de referencia para o COVID-19 contan cun espazo de atención diferenciado para os pacientes con patoloxía respiratoria e cun encargado dos Equipos de Protección Individual (EPI's) que coordinará a dispoñibilidade permanente destes equipos -necesarios para a atención deste tipo de pacientes-, que se utilizarán conforme ao protocolo do Servizo de Medicina Preventiva da área.

### **A cidadanía debe chamar por teléfono**

Co obxecto de evitar as concentracións nas salas de espera e os contactos entre usuarios nos centros sanitarios -que poderían aumentar o risco de contaxios-, a autoridade sanitaria da Área de Vigo ten promovido a modalidade de atención non presencial; isto é, a consulta telefónica.

Así, os usuarios **deben chamar por teléfono ao seu centro de saúde e Punto de Atención Continuada (PAC) antes de achegarse ao mesmo**. Os profesionais atenderán todas as consultas telefónicas e resolverán o problema de saúde planteado. Se o consideran necesario -e de acordo cos protocolos establecidos- indicarán a realización da proba diagnóstica do coronavirus (PCR).

Desde a xerencia agradécese a colaboración da cidadanía no cumprimento destas indicacións así como a implicación e compromiso dos profesionais coas novas medidas organizativas, sendo conscientes da complexidade que isto supón no desenvolvemento do seu traballo.

### **Listado dos Centros de referencia**

A nova ordenación da asistencia de pacientes con sospeita de padecer infección respiratoria por Coronovirus é a seguinte:

#### **Concello de Vigo**

1. **Rosalía de Castro** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Rosalía de Castro, Beiramar e Casco Vello
2. **Centro de saúde de Teis**. Atenderá os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
3. **Rúa Cuba** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID-19 para os pacientes dos centros de rúa Cuba e Taboada Leal
4. **Centro de saúde da Doblada**. Atenderá aos seus propios pacientes con sospeita COVID -19
5. **Centro de saúde de Lavadores**. Atenderá os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
6. **Sárdoma** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita de COVID-19 para os pacientes de Sárdoma, Bembrive e Matamá
7. **Centro de saúde de Coia** atenderá os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
8. **Centro de saúde de Navia** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Navia e Coruxo





9. **Centro de saúde de Pintor Colmeiro** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes a Pintor Colmeiro, Nicolás Peña e López Mora

### **Organización resto Concellos da Área Sanitaria**

10. **Centro de saúde de Cangas** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Cangas e Moaña
11. **Centro de saúde Valmiñor** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Baiona, Gondomar e Panxón
12. **Centro de saúde A Guarda** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Oia, O Rosal e A Guarda
13. **Centro de saúde Tui** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Goian, Tomiño e Tui
14. **Centro de saúde de Porriño** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Porriño e Salceda de Caselas
15. **Centro de saúde de Mos** para os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
16. **Centro de saúde de Redondela** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para paciente de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Chapela e Redondela
17. **Centro de saúde de Ponteareas** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID 19 para pacientes de Salvaterra, Mondariz-Balneario, As Neves, Covelo e Mondariz Pueblo
18. **Centro de saúde da Cañiza** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Arbo, Crecente, Valeixe e A Cañiza

